

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 29 de xullo de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D. Angel Rivas González

**Invitados:**

D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suarez

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e dez minutos do día vinte e nove de xullo de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(826).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

**2(827).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA “VIGO EN INGLÉS 2014”. EXPTE. 16073/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación do 24/07/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación dos sevizos

para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en período lectivo nun High School “Vigo en Inglés” (expediente 16073-332), no seguinte orde decrecente:

NEW LINK EDUCACION, S.L.: 71,61 puntos

SHE-HERENCIA, S.L.: 67 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEW LINK EDUCACION, S.L., para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e accidentes.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 746,94 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

### **3(828).- INCOACIÓN DE EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO Á ENTIDADE “VIGO CASTRO, S.A.” POR INCUMPRIMENTO NO PAGAMENTO DO CANON CONCESIONAL. EXPTE. 19695/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 14/07/14, do xefe do servizo conformado pola concelleira delegada de área que di o seguinte:

“*NORMATIVA DE APLICACIÓN:*

- *LRBRL (Lei 7/1985, de de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local).*
- *LPAAPP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).*
- *LRXAP e PAC (Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).*
- *TRLCSP (RDL 3/2011, do 14 de novembro, polo que aprobase o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.*
- *Acordo da Comisión Municipal Permanente do 3 de decembro de 1941 sobre as condicións administrativas da concesión para a ocupación de terreo no Monte do Castro.*

#### ANTECEDENTES DE FEITO:

*PRIMEIRO.- Por Decreto de data 7 de maio de 2014 da Concelleira Delegada de Patrimonio, resolveuse: "1.- Requerir á concesionaria VIGO CASTRO SA para que no prazo de 30 días, a partir do seguinte a notificación da presente, proceda o aboamento, na súa totalidade, das cantidades pendentes polo canon concesional correspondente o bar-restaurante "O Castro", no Monte do Castro. 2.- Apercibir a VIGO CASTRO SA que transcorrido o prazo outorgado, e no caso de incumprimento, procederase á incoación do correspondente procedemento para a resolución da concesión da que é titular no Monte do Castro."*

*Resolución notificada o entidade interesada en data 20/5/2014.*

*SEGUNDO.- Pola oficina municipal da recadación executiva, emitiuse informe en data 3 de xullo do 2014, no que sinala que consultadas as bases de datos da recadación executiva, no día da data a entidade VIGO CASTRO SA. é debedora a esta Facenda Municipal en concepto de canon concesional do ano 2013 polo importe total (recargos e xuros incluídos) de 10.167,36 euros.*

*TERCEIRO.- A entidade VIGO CASTRO SA. é a actual concesionaria da explotación do bar-restaurante " O Castro" no parque Municipal do Castro, segundo acordo do Pleno municipal do 31 de outubro de 1989 polo que autorizou a subrogación nos dereitos e obrigas dos que era titular a anterior concesionaria Da. Elena Alonso Crespo.*

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

*PRIMEIRO.- De acordo coas condicións administrativas polas que foi outorgada no seu día a concesión da que é titular VIGO CASTRO SA., e que constan reflectidas no acordo da Comisión Municipal Permanente de data 3 de decembro do 1941, o concesionario ven obrigado ao aboamento do correspondente canon pola ocupación demanial outorgada, dispoñéndose que a cesación desa autorización para a ocupación do terreo podera producirse, entre outras causas, polo incumprimento de algunha das cláusulas pola que se concedeu.*

*SEGUNDO.- Así mesmo, o art. 100 da LPAP dispón que as concesións e autorizacións demaniais extinguiranse polas seguintes causas: (...) f) Falta de pago do canon ou calquer outro incumprimento grave das obrigas do titular da concesión, declarados polo órgano que otorgou a concesión ou autorización.*

*TERCEIRO.- A teor do exposto, e toda vez que segundo resulta do informado polo xefe da Unidade de Recadación Executiva no presente mes de xullo, a entidade VIGO CASTRO SA, titular da concesión para a explotación dun bar-restaurante sito no parque Municipal do Castro, é debedora da facenda municipal polo canon concesional correspondente a 7 mensualidades do exercicio 2013 por un importe total da débeda de 10.167,36 euros, cumpre o inicio do correspondente procedemento para a resolución da concesión por infracción grave imputable ó mesmo, tal e como foi apercibido no Decreto de data 7 de maio de 2014 da Concelleira Delegada de Patrimonio polo que se requeriu o pagamento da devandita débeda, e ante o seu incumprimento.*

*CUARTO.- Resulta competente para a adopción do presente acordo, a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto na Disposición Adicional Segunda, apartado terceiro, do TRLCSP.*

*Por todo isto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*“PRIMEIRO.- Incoar expediente administrativo de resolución da concesión administrativa outorgada polo pleno municipal o 31 de outubro de 1989 á entidade VIGO CASTRO SA para a explotación do bar-restaurante “ O Castro”, no parque Municipal do Castro desta cidade de Vigo, polo incumprimento no pago do correspondente canon concesional ó que ven obrigado consonte o disposto nas condicións administrativas que rixe a concesión.*

*SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á VIGO CASTRO SA , outorgándolle un prazo de quince días, a contar dende o día seguinte a súa notificación, para que teña vista do expediente e poida formular as alegacións e presentar a documentación que na defensa dos seus intereses teña por convinte.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta que se contén no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

rs/me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.